

## ACTA Nº 2017/11

### SESIÓN ORDINARIA

#### PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

- Casa do Concello, xoves 26 de outubro de 2017 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e as concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal.

**PRESIDE:**

ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

**ASISTEN:**

BNG

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

RAQUEL GARCIA ABUIN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

ADELINA CES QUINTANS

TOBIAS BETANZOS REGO

PP

ADELA BECERRA MAYO

ADRIAN VIDAL IGLESIAS

ELISA BOUZAS VICENTE

PSdeG-PSOE

MARTIN COMOJO VICENTE

MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

Rianxo en Común-SON

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

ANTONIO CASTRO CASTRO

**AUSENCIAS:**

PP

MARIA VANESA MARTINEZ DURAN

MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO

**SECRETARIA:**

PATRICIA SANCHEZ CASTELO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta nº 8/2017 do Pleno extraordinario do 21/08/2017 e da nº 9/2017 do Pleno extraordinario urxente do 13/09/2017
2. Moción do BNG de explotación da mina de Touro e o Pino
3. Moción do BNG contra os lumes forestais e polo desenvolvemento rural
4. Moción do PSOE de vaga de lumes que asolou Galicia
5. Moción do PSOE de servizo de cuidados paliativos no domicilio
6. Moción de Rianxo en Común sobre creación do Consello Forestal e de Desenvolvemento Rural no Concello de Rianxo

7. Moción de Rianxo en Común de actuación en relación a edificios abandonados
8. Moción de Rianxo en Común sobre rexeitamento da Lei de Fomento de Implantación de Iniciativas Empresariais
9. Rogos e preguntas

## **1º APROBACIÓN DA ACTA Nº 8/2017 DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 21/08/2017 E DA Nº 9/2017 DO PLENO EXTRAORDINARIO URXENTE DO 13/09/2017**

Aprobación Acta nº 8/2017 do Pleno en sesión extra ordinaria do 21/agosto/2017

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 8/2017 de 21/08/2017.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 21/08/2017, Acta 8/2017.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

A voceira do PSOE M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares, manifesta que no punto do recoñecemento extraxudicial era outro o sentido manifestado. Dicía que había que intentar corrixir esas irregularidades que dan lugar a eses informes de reparo, e que as correccións desas irregularidades non se pode facer por falta de persoal, pois que se reforce o departamento.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR esta acta ca salvidade feita pola voceira do grupo municipal do PSOE M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares.

Aprobación Acta nº 9/2017 do Pleno en sesión extra ordinaria do 13/setembro/2017

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 9/2017 de 13/09/2017.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 13/09/2017, Acta nº 9/2017.

## SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

O Alcalde di que se ia incluír un punto na orde do día da aprobación, se procedera, da Liquidación. Para non perder un día de consulta, decidiuse convocar un pleno extraordinario nos vindeiros días para dar conta da Liquidación e algún outro aspecto económico.

## 2. MOCIÓN DO BNG DE EXPLOTACIÓN DA MINA DE TOURO E O PINO

### •A VOCEIRA DO BNG DEFENDE A URXENCIA DA MOCIÓN:

O pasado día 25 de agosto publicouse un informe da explotación mineira de San Rafael ubicada nos concellos de Touro e O Pino de que queren facer unha minería a ceo aberto dunhas 700 Ha. O que pode repercutir na carga contaminante do Río Ulla.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Adelina Ces Quintáns, portavoz do Grupo Municipal do BNG, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a EXPLOTACIÓN MINA DE TORO E O PINO.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do pasado 25 de agosto publicou para o seu sometemento a información pública o Proxecto de Explotación mineira “San Rafael nº2946” situada sobre os concellos de Touro e O Pino.

Trátase dun complexo de minería metálica a ceo aberto de case 700 Ha e situada en plena bacía do Ulla e que prevé o desvío de dúas canles fluviais, o que incrementará os problemas derivados da explotación anterior e pon en serio risco a capacidade de dilución da carga contaminante do Río Ulla.

Este tipo de explotación ten a característica de ser o método máis económico e rápido para extraer os minerais, motivo este que o fai moi apetecido pola industria mineira cando as lexislacións son laxas en materia medio ambiental. Esta metodoloxía é a miúdo a máis contaminante, dado que xera enormes cantidades de refugallos de rocha e po, contaminando grandes cantidades de auga, polo que as consecuencias prexudiciais para o medio ambiente son importantes. Sirva como dato que segundo o INE este tipo de industria xera o 75% dos residuos industriais do estado.

As consecuencias directas sobre o medio ambiente teñen que ver coa destrución da capa superficial de terra, deixando un paisaxe inerte; a afección aos acuíferos e os cursos de auga próximos vense tamén afectados, o que pon en perigo a flora e fauna da zona (especialmente a riqueza piscícola, que non podemos esquecer que xera un fluxo importante de recursos económicos e sociais no noso concello). As alteración que se producen son tan importantes que non é posible recuperar o entorno

natural por completo.

Neste senso e dado que o río Ulla baña as nosas ribeiras e desemboca nunha zona potencialmente moi produtiva como son os Lombos é de agardar que o arrastre de contaminantes ou calquera incidencia augas arriba traia consigo repercusións na ría.

O Concello non pode quedar de brazos cruzados e confiar a cegas nas medidas correctoras propostas pola empresa e moito menos no seu cumprimento, e sirva como experiencia os danos producidos pola explotación anterior ou exemplos de malas prácticas na minaría na mente de todos como foi o de Aznalcollar.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello esta moción propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar as alegacións propostas en adxunto para garantir que o entorno natural da ría non se vai ver afectado ao igual que as persoas.
2. Instar ao Goberno Galego a que nas concesións sobre este tipo de industrias se prime a conservación do medio natural e a seguridade e saúde das persoas.

#### ALEGACIONES:

Xefatura Territorial de A Coruña  
Consellería de Economía, Emprego e Industria  
Xunta de Galicia  
R/ Vicente Ferrer, no2  
15071 A Coruña

Asunto: Entrega de alegacións en relación coa Resolución do 18 de agosto de 2017, da Xefatura

Territorial de A Coruña, pola que se somete a información pública a actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

Adolfo Muíños Sánchez, maior de idade, con D.N.I. 33264742A, en nome e representación do CONCELLO DE RIANXO con dirección a efectos de notificación en Praza de Castelao, s/n 15920 RIANXO

#### EXPÓN

Que con data venres 25 de agosto publicouse no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de información pública relativa á actualización do proxecto de explotación promovido pola mercantil Cobre San Rafael nos concellos de Touro e O Pino, ante o que desexa formular en tempo e forma as seguintes ALEGACIONES:

(1) A zona da que pretende desenvolverse o proxecto, explotada a escala industrial a ceo aberto entre os anos 1970 e 1986 pola Sociedad Minera y Metalúrgica de Peñarroya e por Río Tinto Patiño (subsidiaria de Free Port McMoran), aínda presenta graves eivas de restauración, derivando na oxidación dos sulfuros metálicos presentes no mineral en contacto cos elementos e provocando un desastre ambiental en augas superficiais e subterráneas de toda a bisbarra que aínda persiste na actualidade.

Nestas circunstancias, en virtude da aplicación da Lei 3/2008, de ordenación da minería de Galicia, non pode admitirse a trámite de autorización unha nova proposta extractiva sen antes dar unha solución válida á recuperación ambiental da zona. No artigo 46.1 da norma, indícase que “corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería competente en materia de minas, realizar as

comprobacións necesarias”, así como garantir “o cumprimento da normativa mineira aplicable” e a adopción das medidas que sexan pertinentes, algo que non se fixo e que sería un paso previo ao desenvolvemento de calquera novo proxecto mineiro.

(2) Tal como está deseñado, o proxecto da mercantil non é compatible coa Directiva Comunitaria 2000/60/CE, que considera que a auga “é un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal” e busca no seu plantexamento “unha maior protección e mellora do medio acuático” mediante “a supresión de verteduras e substancias perigosas” no recurso hídrico, algo imposible de alcanzar pola presenza e exposición dunha entulleira de estériles de grandes proporcións (PAG) que a propia empresa recoñece como potencialmente xeradores de drenaxe ácida de minas (DAM), o que debido ás dimensións proxectadas na explotación podería xerar un problema aínda maior ao existente na actualidade.

Ademáis, a promotora contempla un depósito de estériles de proceso auxiliar ou temporal para os primeiros anos da explotación, outro na corta Vieiro-Arinteiro, e tres entulleiras NAG, que a mercantil califica “de estéril potencialmente non xenerador de drenaxe ácida”.

Sen embargo, a realidade é que os distintos tipos de estériles (tamén os NAG), teñen, nalgunha medida, capacidade de xeración de águas ácidas por filtración, e ao respecto, a empresa afirma que fará unha valoración dos riscos derivados conforme avance o proxecto pero non antes, o que resulta inaceptable dende calquera punto de vista.

Doutra banda, a promotora considera a impermeabilización de toda a base dos emprazamentos onde se descarguen estériles de planta mediante xeomembrana PEAD e xeotextil, dous elementos en principio protectores pero que non teñen unha duración indefinida, o que en ningún caso se valora no plan de seguimento ambiental proposto pola empresa, pois ao cabo do tempo a súa perforación pode reeditar e aumentar a actual problemática a nivel de augas superficiais e subterráneas. A mesma problemática reedítase coas zonas de encapsulamento.

Por outra parte, a promotora prevé a vertedura de ata un máximo de mil millóns de litros anuais de augas de proceso como vertedura “autorizada” ao medio ambiente durante os tres primeiros anos. Durante o resto do tempo da explotación, fálase de depuración, máis a tecnoloxía que a empresa propón non é garantía de total eliminación de metais tóxicos para a saúde humana e/ou dos distintos reactivos empregados no proceso.

(3) A promotora fala na documentación aportada do desvío dous cursos fluviais a partir do establecemento de sendas canles no río do Burgo (de 984 metros de lonxitude total) e no río dos Puxeiros (de 1.225 metros), pero sen embargo non aclara cales serán as necesidades hídricas totais da iniciativa, como vai obter auga sen afectar ás traídas municipais, e cal pode ser a afectación aos mananciais locais que subministran auga á poboación nas área de influencia do proxecto.

(4) Debido aos anteriores efectos perxudiciais derivados da explotación mineira en Touro e os problemas de saúde constatados na poboación da contorna polos elevados niveis de contaminación en augas e solos da área, sería preceptivo a realización dun estudo epidemiolóxico previo para descartar futuras incidencias negativas a nivel de saúde pública, algo que a empresa nin aporta nin valora da documentación presentada.

(5) Resulta inaceptable que unha actividade mineira a gran escala poida desenvolverse a a carón das vivendas de núcleos de poboación como Arinteiro e Torreis de Arriba, máis tendo en conta as numerosas molestias que se derivan da actividade extractiva como son o po en suspensión o ruído ou as vibracións procedentes tanto das voaduras como da maquinaria pesada, e que non poden ser paliadas con medidas correctoras e compensatorias, que unicamente buscan minimizar os efectos

perxudiciais pero que non poden suprimilos na súa totalidade.

(6) O plan post-clausura proposto pola promotora concreta que os depósitos de estériles impermeabilizaranse durante a súa clausura para evitar riscos de contaminación ao medio ambiente, sen embargo non define a duración temporal dos materiais empregados no proceso, nin cal será a súa responsabilidade ante posibles roturas que deriven en novos episodios de contaminación de augas ácidas debido ás filtracións tendo en conta que o nivel promedio de pluviosidade alcanza na zona os 1.786 mm. anuais.

(7) Na documentación aportada pola empresa fálase do supostos efectos positivos da explotación pero non das moitas e importantes afeccións negativas do proxecto sobre actividades como a agricultura, a gandería e o sector forestal (o que realmente fai a empresa é minusvalorar estes sectores). En boa medida, ocúpense novos terreos non empregados anteriormente pola actividade mineira que ao final do proxecto e na maioría dos casos non poderán voltar con garantías aos mesmos usos tradicionais. De igual xeito, a depreciación do valor de bens inmobles da veciñanza é unha realidade tanxible noutras zonas mineiras do Estado que contradí as afirmacións da promotora.

(8) A cifra de emprego total aportada pola empresa (+/- 1.400 postos de traballo) é puramente irreal e especulativa, e recorda a outras tantas iniciativas mineiras proxectadas no Estado, nas que debido á automatización actual de moitos dos procedementos cando comeza a operación mineira as cifras reais non coinciden coa realidade. Do que non se fala é de cantos postos de traballo se poden perder no sector primario non só na zona afectada, senón en toda a área de influencia da pretendida explotación e cales poden ser as consecuencias sobre o sector turístico si a operación mineira deriva nun novo episodio de contaminación que multiplique o problema actual a gran escala.

(9) A franxa norte do proxecto atópase a tan só 1,8 qm. do Camiño Francés de peregrinaxe a Compostela. Aínda que a promotora avalía de xeito superficial a temporalidade de afectación significativa sobre a paisaxe, non se estudan en detalle as posibles afeccións sobre o medio ambiente da área (contaminación das augas de abastecemento, dispersión de po das voaduras, todo tipo de rúidos procedentes da explotación, etc.) que poida ter o proxecto nin se ten coñecemento algún de petición de informes ao Consello Asesor do Camiño de Santiago para que valore as posibles incidencias.

(10) Non se valoran de xeito suficiente os efectos sinérxicos e acumulativos do proxecto sobre o medio ambiente e a saúde pública en relación coa instalación da liña aérea de alta tensión de 14 km. proposta polo proxecto entre os municipios de Touro e Arzúa, nen a alternativa do soterramento da infraestrutura.

(11) Os lombos do Ulla son un dos piares do libre marisqueo na ría de Arousa, moi sensíbeis na actualidade á contaminación. Calquera afectación ao río implica que nestes areas se depositen eses residuos. Debe ser isto convenientemente valorado.

Polo cal,

**SOLICITA**

Teña por admitido o presente escrito de alegacións e desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación e plan de restauración, ditando así mesmo unha declaración de impacto ambiental desfavorable en virtudes dos efectos negativos e a incompatibilidade do proxecto coa saúde pública e o medio ambiente.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

**•A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG DEFENDE A MOCIÓN:**

Di que esta explotación mineira pode por en grave risco a carga contaminante do Río Ulla. Pode ser un método rápido para extracción de minerais pero isto fai que sexa unha maneira apetecible pola minería, pero son moi laxas en materia medio ambientais. Todos os refugallos que xera pode ser prexudicial para o medio ambiente, e segundo o INE este tipo de industrial xera o 75% dos residuos industriais do estado.

As consecuencias poden ser a destrución da capa superficial da terra, deixando unha paisaxe inerte, afectando a recursos da auga e pon en perigo a flora e fauna da zona, especialmente a riqueza piscícola.

Sinala que o Río Ulla baña as nosas ribeiras e desemboca nunha zona potencialmente moi produtiva, coma os lombos do Ulla é de agardar que o arrastre de contaminantes ou calquera incidencia augas máis arriba repercusione na ría.

Indica que o concello non pode quedar de brazos cruzados e confiar nas medidas correctoras propostas pola empresa, e serva como experiencia o acontecido na minaría coma o caso da de Aznalcollar.

Pide o apoio dos grupos a adopción dos seguintes acordo:

1. Aprobar as alegacións propostas en adxunto para garantir que o entorno natural da ría non se vai ver afectado ao igual que as persoas.
2. Instar ao Goberno Galego a que nas concesións sobre este tipo de industrias se prime a conservación do medio natural e a seguridade e saúde das persoas.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

**•DEBATE:****•O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:**

Di que apoian a moción, polos motivos obvios de que está na conca do Ulla, xa que todos os produtos que usen alí poden acabar contaminando ou prexudicando á ría. Cando se fai o cálculo económico da explotación mineiro non se teñen en conta estes efectos contaminantes. Por un lado crea un riqueza a uns sectores pero prexudica a outros.

Sinala que seguramente aquí saíamos prexudicados con esa industria, a parte a pluviometría da zona tamén son usuarios intensivos de auga, arredor de 2.500.000 litros de auga diarios a cal acabará nalgún sitio e moita dela aquí.

Indica que da riqueza que crea a minería, aquí queda moi pouca. Son empresas que nun 90% son accionariado de fora de Galicia, e nun 70% de fora do territorio español. Moitas son americanas, canadienses, son os que levan a parte e os prexudicados somos nós. Moitas dan problemas por abandono, rotura de balsas, e non se fai cargo nin a empresa nin a aseguradora.

Recoñecen que a labor mineira poda ser necesaria, pero opóñense firmemente á de Touro

**•A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:**

Entenden que hai que aproveitar neste momento de alegacións, para que se tomen todas as medidas de precaución para evitar danos ao medio ambiente e ás persoas, xa que aínda que está lonxe Touro e O Pino, pode chegar a afectar nos lombos do Ulla.

**•A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:**

Neste momento estanse recadando os informes sectoriais precisos e estanse estudando todas as alegacións e a aprobación do proxecto estará ligada ao cumprimento das garantías urbanísticas medio ambientais e técnicas requiridas. Unhas garantías que son as mesmas que estableceu o goberno bipartito no ano 2008 coa Lei de Ordenación de Minería. De feito dende setembro de 2005 ata marzo de 2009 outorgáronse máis de 100 permisos de investigación e 43 concesións de explotación, polo que é imposible de entender esa negativa a todo que sexa minería sustentable en Galicia

Sinala que o sector mineiro representa o 1% do PIB galego e 5.000 empregos directos. Por iso non entendemos estas críticas. A actitude do goberno da Xunta de Galicia é de respecto. Vai respectar a veracidade a legalidade. Hai que respectar a actuación pública. Incide en que este proxecto levarase a cabo se se respectan as garantías urbanísticas, medio ambientais e técnicas, segundo a Lei aprobada por vostedes no 2008.

**•INTERVÉN A VOCEIRA DO BNG ADELINA CES :**

Di que o BNG está en contra da apertura de calquera tipo de minería a ceo aberto en Europa. Di que esta mina sempre foi obxecto de alegacións e protestas por parte dos veciños, porque xerou moitos problemas, tanto na contorna coma nos acuíferos. Moito do que aparece reflectido nas alegacións.

Sinala que todos os concellos na Lei do bipartito que menciona podían presentar alegacións en calquera momento, sen darlle un prazo. Ese prazo foi limitado polo PP.

Indica que eles sumáronse a unhas alegacións que están presentando, buscando todas as garantías e intentando paralizar isto. Do modelo de garantía coñecen a carta branca que se lle dá a Ence na ría de Pontevedra, polo que non queren que se lle dea outra carta aberta a unha minería a ceo aberto , que non debería estar funcionando neste momento.

Mencionábase o de Monteneme e tamén se podería mencionar as minas de volframio de Lousame, polo que non hai tal garantía.

Non hai garantía, É o caso da Lei de acuicultura, nunha ría coma a nosa rica no produto coma o mexillón, para que se intenta traer, con todos os parabéns científicos, outras explotacións coma as granxas de salmón.

Di que para unha cousa que temos tan rica coma a nosa Ría, que xa bastantes problemas está tendo neste momento na zona dos lombos, con contaminantes, presenza de metais pesados, etc. poñerlle outra máis, para levala a progresiva dexeneración da ría .

Indica que para eles o principal e que representa bastante máis do interés bruto, é o que produce a nosa ría e a pesca, acuicultura, o sector pesqueiro, bateeiro, por iso defenden de que non se faga un aproveitamento nunha mina moi perigosa e que pon en perigo ese sustento económico e que representa bastante máis ca o que pode representar a minería en Touro.

Reiteran a moción que conleva, de ser aprobada, as alegacións á mina de Touro.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e tres abstencións (dos 3 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.



O alcalde di que hai presentadas tres mocións en relación cos lumes forestais, unha presentada polo BNG, outra polo PSOE e outra por Rianxo en Común. Di que se vai defender as urxencias e as votacións por separado, pero que o debate será no seu conxunto.

### 3. MOCIÓN DO BNG CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL

#### •A VOCEIRA DO BNG DEFENDE A URXENCIA DA MOCIÓN:

Ante a vaga de lumes que arrasou Galicia e produxo a morte de 4 persoas en cadro días, poñendo en grave risco núcleos urbanos e milleiros de persoas que viron o lume nas súas portas.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Adelina Ces Quintáns, en nome e representación do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego de Rianxo presenta a seguinte MOCIÓN: CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A traxedia da vaga de lumes forestais que vén de arrasar Galiza provocou en catro días a morte de catro persoas, puxo en situación de grave risco núcleos urbanos e miles de persoas viron as súas vidas ás portas da morte; deixou vivendas, centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas (máis de 48.000 hectáreas este ano, tanto como nos tres anos pasados).

O Goberno galego era consciente de que Galiza atravesaba unha das maiores secas das últimas décadas, que as comarcas de Ourense levaban ardendo durante toda a semana e que os coletazos do furacán Ofelia traería fortes rachas de vento. A pesar diso, a política do Partido Popular (PP) vai no sentido inverso: redución das franxas de protección, despedimento de case medio milleiro de traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA a semana anterior e a non aplicación durante todo o ano das medidas de prevención.

Para o PP, unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural, que abranxa a posta en valor dos terreos forestais, o aproveitamento diversificado e multifuncional do monte, a aplicación de medidas preventivas e de actualización do propio dispositivo de loita contra os lumes forestais, non existe.

En 2007 aprobouse por primeira vez unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galiza. Dita norma sentaba os alicerces para dar prioridade a unha actuación preventiva contra os incendios forestais, combinando medidas de ordenación forestal do territorio, o impulso ao asociacionismo na explotación forestal, a inserción da política forestal na de desenvolvemento rural, deixando de ser unha política sectorial illada doutras actividades no medio rural, e a regulación dunha planificación eficaz dos dispositivos contra o lume.

Esta Lei foi derogada polo PP, sen máis argumento que o desprezo pola súa autoría, sen ningún criterio lóxico, nin dende o punto de vista da prevención e loita contra o lume, nin para propiciar o desenvolvemento do rural e, o que é peor, sen implementar ningún modelo alternativo, acordando a pura e simple eliminación de medidas avanzadas de prevención e a volta á relegación e parálise da política preventiva e de ordenación forestal como principal panca para erradicar os incendios forestais en Galiza.

O goberno do PP, desde aquela, abriu a posibilidade de forestar terras agrarias, permitindo as

repopoacións forestais en terras adicadas ao labradío, prados ou pasteiros. Deste xeito aumentou o desorde territorial, diminuíu a posibilidade de incrementar as explotacións, propiciou o abandono do mundo rural e aumentou o perigo dos incendios forestais.

O goberno do PP, ademais, reduciu na metade a obriga de xestionar a biomasa vexetal nunha faixa de 100 metros arredor de calquera núcleo ou actividade situada a menos de 400 metros do monte. E reduciu de 50 metros a 25, a contar desde a extrema da propiedade, a prohibición de especies que favorezan a propagación do lume (eucalipto, acacia, piñeiro...).

Estas reformas só poden ser entendidas, ademais, se con elas se pretende favorecer os intereses de certas industrias como ENCE, ao permitir grandes plantacións de especies de crecemento rápido como o eucalipto.

O BNG leva anos denunciando que este é un dos principais problemas estruturais do noso país. E como tal, a resposta tamén debe atacar ao problema de fondo. No mes de xuño, a Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, após os incendios do Pedrógão en Portugal, fíxolle un ofrecemento ao Presidente da Xunta de Galiza, para chegar a un grande pacto nacional galego en defensa do noso monte, que Feijóo nin se dignou en contestar.

Os aspectos a abordar, como a desertización, o abandono de explotacións agrarias, monocultivo do eucalipto ao servizo basicamente de ENCE, a falta dun aproveitamento multifuncional do monte galego que aproveite todo o seu potencial, servizo de prevención e extinción precario, estacionalizado e sen mando único, etc., seguen aínda pendentes.

Diante disto o goberno do PP, aplica a política da manipulación informativa e do autobombo, botándolle a culpa ao vento, a Portugal... sen asumir as súas responsabilidades. Mesmo pretende atribuír aos concellos funcións propias da administración forestal, como a contratación das brigadas de extinción ou a realización de labores de limpeza nos límites das masas forestais, cando carecen de financiamento público municipal e son, se nos atemos aos criterios da pretendida 'racionalización da administración local' que impuxo o PP, competencias impropias dos entes locais.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza á

1. Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.
2. Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.
3. Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.
4. Estabelecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.
5. Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:

Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.

O establecemento e mantemento de faixas de protección.

Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.

6. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laboral

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

•**DEBATE:**

•**O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL BNG DEFENDE A MOCIÓN:**

Ante a política forestal da Xunta de Galicia que non acomete as medidas que deberían poñerse nos terreos forestais e ante a desleixación que fixo no 2007 da lei que había contra os incendios forestais e o PP derogou sen máis argumento que o desprezo e sen implementar modelo alternativo. Todos os grupos están vendo que o goberno abriu a posibilidade de reforestar tanto terras agrarias como repoboacións forestais en terras adicadas a labradío, prados, pastos, etc. aumentando o desorde territorial, aumentando a posibilidade de incrementar a explotación e aumentando o perigo dos incendios, dando así paso ao abandono do mundo rural. Tamén reduciu á metade a xestión da biomasa vexetal, pasando de deixar arredor duns 100 preto dos núcleos a rebaixar unha franxa de 50 ou 25 m segundo os casos, dando pe a plantar eucaliptos, acacias, etc en calquera sitio.

Entendemos que con estas reformas é darlle ás grandes empresas coma Ence, especies que lles favorezan. Motivo polo que estes grupos políticos traen a moción para que dende a Xunta de Galicia, se desenvolva unha política forestal e instar á xunta de Galicia os seguintes acordos:

1. Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.
2. Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.
3. Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.
4. Estabelecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.
5. Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:

Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.

O establecemento e mantemento de faixas de protección.

Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.

6. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laboral

**•A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:**

Di que coinciden co exposto polo grupo municipal do BNG e expón que as seguintes propostas para aprobación e que se insten á Xunta de Galicia:

Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.

Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.

Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos mSométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 17 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación. antes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces, manantiais e bancos marisqueiros.

Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas.

Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia galega contra os incendios.

**•O VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:**

Di que a moción do seu grupo ten unha intención máis xenérica e máis local. Nos aspectos xenéricos súmense á petición dun pacto polo monte no que participen todos os partidos políticos.

Non é intención do seu grupo buscar culpables dos incendios, senón de que se forme unha comisión de investigación para este último lume, xa que pode ser un dos posibles lumes do futuro. Coa acumulación de masa forestal en extensións como monocultivos, hai previsións científicas, de que en Galicia cara o ano 2021 de incendios inapagables, so mitigables para protexer á poboación, polo menos é o que se ven falando dende o ano 2004 e 2005. Fan cálculos en base ao clima.

Queren que se analice este incendios, xa que foi distinto a todos.

Vai máis centrada a nivel local, para que reverta un pouco esta situación. Mentras tanto teremos que inventar a nivel local, aplicar a normativa 3/2007 e 7/2012, a Lei de Montes, no que dí en relación ás franxas arredor das estradas, cauces fluviais e núcleos urbanos e rurais.

É un tema complicado. A poboación sabe que hai situación que poden ser perigosas.

Creación dun consello forestal onde estiveran representadas as comunidades de montes, os políticos locais, asociacións de veciños, etc. Para afrontar este tema, non só dende o punto de vista punitivo, senón tamén propio. Tamén neste consello poderían xurdir outro tipo de iniciativas que puideran ser apoiadas. Son partidarios de que se cree o referido consello escolar.

**•A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:**

Con respecto ás tres mocións, o seu grupo vai estar en contra das presentadas polos grupos municipais do BNG e o PSOE e a favor da presentada polo grupo municipal de Rianxo en Común, aos

cales felicita, xa que foron os únicos en aportar solucións.

Di que o Partido Popular de Rianxo quere en primeiro lugar, dar o pésame aos familiares dos falecidos nesta traxedia e apoiar a todas as vítimas destes incendios.

A moción que presenta o grupo municipal do BNG está pragada de mentiras e só serve para facer máis dano e non aporta solucións.

Fai uns meses houbo un atentado en Barcelona e nadie culpou ao concello ou á Generalidade. Non se debe facer proganda electoral con eses temas.

Galicia non ardeu soa, queimárona. Unhas alta temperaturas, fortes ventos e baixa humidade. Unha actividade incendiaria dasaforada e uns fortes lumes que entraron dende Portugal, saltando a barreira do río Miño. Todos estes elementos fixeron unha tormenta perfecta.

Houbo un dispositivo de 350 brigadistas, 5.600 efectivos, 220 motobombas, 40 pas e unha vintena de medios aéreos foron mobilizados. Máis de 200 efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME). Foi o maior dispositivo despregado nesta época do ano e un dos maiores da historia. Axudados por protección civil e veciños dos lugares afectados que fixeron fronte aos focos que sucedían continúa e simultaneamente, sin parar de crecer.

Durante a vaga de lumes, producéronse un total de 264 incendios, o 64 % acontecidos entre o venres e o luns, quedaron reducidos polo gran operativo. Foron parados 167 lumes antes de que o vento os estendese.

A pesar de todo isto, dende o 1 de xuño a 1 de setembro, arderon menos hectáreas. Dende o 1 de xuño ao 30 de setembro, saldouse cun total do 69% de hectáreas menos ardidias; 14.000 hectáreas menos.

Con respecto ao manifestado no tema do persoal, o venres 7 de outubro cando xa se decretou polas temperaturas alta o risco na zona de Ourense, a Xunta autoriza reincorporación de persoal e substitución das que non podían incorporarse. Tamén autoriza a substitución de persoal das brigadas que estaban en situación de incapacidade temporal.

O 13 de outubro declárase situación de emerxencia o que implica prolongación da encomenda de TRAGSA e SEAGA, e contratación de máis medios aéreos, entre outras medidas. O maior operativo de medios que houbo nesta comarca.

Do único que se pode acusar ao PP é de intentar apagar os lumes. Tamén insta a Xunta de Galicia para facer políticas de desenvolvemento. En marzo infórmase de que van destinar 230.000.000 millóns de euros ao desenvolvemento no rural en Galicia, fronte ao investido dende o 2006 ao 2008 que se falaba duns 30 ou 40 millóns, o que supón unha gran diferenza.

Sinala que van votar en contra polo explicado anteriormente, porque na moción todo son mentiras e so é para acadar fins políticos. O máis grave é que non se acordaron das vítimas e deberíase agradecer o apoio de todos os profesionais que formaron parte do operativo, as forzas e corpos de seguridade e a imprescindible labor da colaboración cidadá.

#### •O ALCALDE INTERVÉN:

No ano 2006 e 2007 houbo que aguantar moitas descalificacións do PP, incluso de quen prendía o monte e non poñía medios era o bipartito, e tamén se deron esas condicións meteorolóxicas.

Despóis de 9 anos seguir co tema do bipartito non é moi doado. A moción non é mentreira, xa que nos datos que reflectiu a xente que estaba encargada da limpeza estaba na casa de vacacións, días libres ou cos contratos extinguidos, cando había aviso de perigosidade.

Nas manifestacións hai efectivos destas brigadas e os propios bombeiros das cidades falan de descoordinación e prohibición dos parques de bombeiros de poder ir aos incendios. Teñen que esperar a chegar ao casco urbano para actuar, é unha queixa reiterada de que os bombeiros non acudan aos incendios forestais aínda que haxa perigo nas vivendas. Iso sábese tamén aquí porque si temos que saltarnos iso para acudir a unha escola ou núcleo, sí están acudindo os dos nosos parques, pero hai unha instrución xeralizada para que non acudan. Este ano non foi necesaria esa actuación. No mes de abril e nos meses de verán estivo en perigo a escola de Rañó, a onde sí acudiron os bombeiros da comarca, despois de insistir.

Di que é necesario cambiar o modelo forestal. É difícil encontrar as coñecer aos propietarios das franxas forestais que están perto das vivendas. Non é fácil establecer ferramentas administrativas que permitan, multar, sancionar ou incluso de que o propio concello, xunta, etc, puidera eliminar a masa forestal con cargo ao propietario.

Sinala que o concello dende fai varios anos leva tendo unhas brigadas, que a pesar de pedir que pasen á xunta, estase colaborando co distrito realizando a limpeza necesaria. Rianxo asinou os convenios co distrito forestal estes últimos anos e seguira facendo, para fomentar a limpeza de camiños, zonas públicas de biomasa. Cooperamos con dúas brigadas. É o concello de toda a comarca que máis brigadas ten.

Engade que non están de acordo, pero que seguirán cooperando. Queren que sexan brigadas profesionais e cos equipos necesarios. Seguirán contratando as dúas brigadas durante os meses de verán. Queren que Rianxo estea seguro, pero que sexan profesionais. Continúase contratando en precario para a temporada do verán. Elimínanse os hidroavións e vaise ao modelo dos helicópteros, pagando moito máis. Séguese co convenio e favorecendo a ENCE, ca expansión do eucalipto, a pesar de ser a especie que máis dano esta causando. É necesario ampliar os límites para impedir que pase o lume dun monte a outro.

Estas mocións, lonxe de que poidan ter matices, van nunha dirección correcta nos seus acordos para cambiar a política forestal, outro modelo de explotación no monte, as franxas de protección máis amplas, as medidas que aparecen aquí son importantes incluso para os propios concellos. Os concellos contribúen financiando boa parte desas brigadas e dos traballos dos equipos municipais. Non se recibe ningunha subvención. En Rianxo non se investiu nada en política de fomento forestal.

Sinala que os lumes apáganse en inverno, nesta época deberíase de estar falando dos convenios do ano que ven, do despregue das brigadas, de subvencións directa ás comunidades, propietarias de boa parte do monte de Rianxo, todo iso neste momento, para que no verán estivera todo preparado. As Comunidades de Montes, recibiron case no remate do verán as cantidades destinadas a limpeza.

Di que todos están cas vítimas e nos non as achacamos ao PP. As imaxes de xente apagando o lume con caldeiros, semellantes ao caso do Prestige, é lamentable e triste. Hai medias nestas mocións para solventar iso e para levantar a prohibición aos parques de bombeiros de actuar cando a situación sexa insostible e que o persoal estea preparado para elo, polo que anuncia o apoio ás mocións.

Engade que no apartado 3 da moción do BNG. cando se fala dunha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas, incluír que se prohiba a expansión do eucalipto en Galicia.

Di que se van votar todas a mocións por separado.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto ca emenda sinalada a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo Rianxo en Común), tres votos en contra (dos 3 membros do grupo PP) e

cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos seguintes termos:

1. Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.
2. Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.
3. Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas e prohibir a expansión do eucalipto en Galicia.
4. Estabelecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.
5. Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:

Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.

O establecemento e mantemento de faixas de protección.

Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.

6. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laboral

#### **4. MOCIÓN DO PSOE DE VAGA DE LUMES QUE ASOLOU GALICIA**

A xustificación da urxencia e o debate desta moción foi tratada conxuntamente ca moción incluída na orde do día co punto 3º.

**MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE RIANXO SOBRE A VAGA DE LUMES QUE ASOLOU GALICIA.**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa no pasado domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgracia para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a auto percepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesmo e da súa terra. Pero, indiscutiblemente, e sen punto de comparación, as desgracias humanas sufridas durante estes días que causaron a morte de 4 persoas foron unha perda irreparable e insuperable.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte supón un elemento de grande perigo, e un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes.

É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, Concellos, Deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da administración e os distintos colectivos.

A situación vivida especificamente nos últimos días, e máis concretamente no último domingo, foi absolutamente desesperanzadora. Os concellos víronse sobrepasados, tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios municipais e/ou con minguados efectivos autonómicos.

Existiu unha deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Rianxo somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas a Xunta de Galicia:

Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.

Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.

Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces, mananciais e bancos marisqueiros.

Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas.

Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia galega contra os incendios.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo Rianxo en Común), tres votos en contra (dos 3 membros do grupo PP) e cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **5. MOCIÓN DO PSOE DE SERVIZO DE COIDADOS PALIATIVOS NO DOMICILIO**



**•A VOCEIRA DO PSOE DEFENDE A URXENCIA DA MOCIÓN:**

Di que é un servizo que hai anos que existe e porque esteamos a máis de 25 km. do hospital de referencia, non ven xustificación para que non se preste o servizo.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares, en nome e representación do grupo municipal PSOE de Rianxo presenta a seguinte MOCIÓN:

**MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE RIANXO SOBRE O SERVIZO DE COIDADOS PALIATIVOS NO DOMICILIO.**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Cando pasaron xa moitos anos dende que se implantou na nosa comarca o servizo de hospitalización a domicilio, a cidadanía que vivimos no concello de Rianxo non podemos aínda beneficiarnos de ese servizo.

A razón de que pase isto, é que está limitado por decreto a un radio de acción de 25 km respecto ao centro de referencia, que no caso de Rianxo está en Santiago.

Aínda que dende o SERGAS digan que os coidados paliativos son atendidos dende os centros de saúde, e sen intención de menosprezar a labor que estes profesionais están a desenvolver, dende este grupo municipal queremos que a xente que vive no noso territorio poda ser beneficiaria da prestación deste servizo do que dispoñen xa as persoas que viven dentro do radio dos 25 km.

Os traballos en coidados paliativos requiren da participación de varios perfís profesionais que traballen en equipo para poder atender todas as facetas dos coidados que precise o/a doente.

Nos tempos en que vivimos a distancia non pode ser unha excusa para que non poidamos ter todos os mesmos dereitos.

Esta é unha demanda que hai dende fai tempo neste e noutros concellos que se encontran na mesma situación, pero aínda non se fixo ningunha modificación ó respecto.

Por iso, o Grupo Municipal Socialista de Rianxo, presenta ó Pleno o seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galicia a que retire do decreto as distancias con respecto ó centro que teñan de referencia os/as doentes, para que así todos e todas teñamos os mesmos dereitos.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

•

•**DEBATE:**

•**O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:**

Di que o seu grupo apoia a moción, xa que é un dereito.

Indica que hai unha queixa que aínda é máis básica a nivel estatal, de que os propios membros dos coidados paliativos, están solicitando que se lles permita seguir sendo un equipo de coidados paliativos.

•**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:**

Di que o seu grupo apoia a proposta.

•

•**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:**

Di que tamén o seu grupo vai aprobar a proposta.

Houbo unha iniciativa parlamentaria para solicitar este servizo, e pediron unha entrevista ca xerente do Sergas, e chegou un email hoxe, no que dí que vai pasarse proximamente para tratar este tema e outros máis do Centro de Saúde. Din que hai que poñer un límite nalgún sitio, pero entendemos que o límite de 25 km. é pouco. Os recursos hainos que xestionar ben.

Indica que esperan que na entrevista que vai ter o alcalde ca xerente do Sergas sexa productiva.

•

•**INTERVÉN O ALCALDE:**

Di que na entrevista tida co anterior xerente, a explicación que lle dou era de que Rianxo non estaba desasistido, xa que o persoal do Centro de Saúde deste concello estaba formado para atender eses coidados paliativos dentro da súa zona de influencia.

Indica que isto non é o adecuado, xa que o persoal de coidados paliativos ten unha formación específica. Non é o mesmo unha norma de 25 km para Rianxo, que para outro lugar. Aquí poderíamos ser atendidos perfectamente pola zona de Compostela, xa que a distancia en tempo é curta.

Engade que aproveitará a entrevista futura para trasladarlle a moción, que se suma a peticións anteriores nese senso, xa que saben de casos que consideraron insuficiente a atención que deron dende o Centro de Saúde, por non ser tan específica coma a do Clínico de Santiago.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

## **6. MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN SOBRE CREACIÓN DO CONSELLO FORESTAL E DE DESENVOLVEMENTO RURAL NO CONCELLO DE RIANXO**

A xustificación da urxencia e o debate desta moción foi tratada conxuntamente ca moción incluída na orde do día co punto 3º.

O Grupo Municipal de Rianxo en Común, por medio do seu portavoz Antón Castro, ao amparo da lexislación vixente, somete á consideración do Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte moción de proposta para a creación do **CONSELLO FORESTAL E DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO CONCELLO DE RIANXO**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á vista da desoladora situación que estamos a vivir en Galiza por mor da multitude de incendios que asolaron o noso territorio, problemática que lamentablemente cada vez é máis habitual, cómpre poñer todos os medios que están ao noso alcance para erradicar, dunha vez por todas, este dano. Non é a primeira vez que o noso país sofre unha situación destas características, e se non poñemos a vontade e os medios para evitalo, volverá a suceder.

Segundo datos da Concellería do Medio Rural, no ano 1989 arderon en Galiza 198,998 hectáreas de terreo. No ano 2006, ano no que o 90% da masa forestal de Rianxo se veu reducida a cinzas e moitos núcleos de poboación deste concello estiveron en risco, arderon 95.947 hectáreas. Aínda que non hai datos sobre a superficie total afectada durante estes días pasados, as primeiras estimacións apuntan a que en apenas dous días ardeu practicamente a metade do ardido nesa gran vaga de incendios do 2006.

Os incendios forestais son un problema político e entendemos que é inadmisíbel criminalizar á poboación en lugar de asumir as pertinentes responsabilidades ante crises desta magnitude, agravadas, como a última que acabamos de facer, pola falta de prevención e de información por parte do goberno autonómico.

Entendemos que as grandes vagas que vimos sufrindo nos últimos anos son consecuencia, entre outras cuestións, de décadas de políticas de fomento do abandono das actividades agrarias e gandeiras tradicionais, da especialización de Galiza en cultivos forestais de crecemento rápido, duns montes en moitos casos en estado de abandono, de caos urbanístico, da falta de ordenación do territorio, e de despoboamento progresivo do noso medio rural, cuestións que nos últimos anos se foron agravando, sen que existira vontade política de corrixilo.

Pensamos que dende este Concello, non debemos eludir a nosa responsabilidade e que debemos, como representantes públicos, facer cumprir as normas que axuden a que unha situación como a que acabamos de sufrir non se repita, e poñer os medios posibles para reverter o contexto no que os incendios teñen lugar.

Galicia conta coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, onde se regula a xestión da biomasa vexetal como medida preventiva para evitar a aparición e propagación de incendios forestais.

Así, os entes locais, na zona de dominio público das vías da súa titularidade, deberán xestionar a biomasa vexetal de acordo coa lei de incendios (artigo 20 bis da Lei 3/2007, do 9 de abril: Ao longo das estradas convencionais, deberá de xestionarse a biomasa vexetal de acordo cos criterios estipulados na presente lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público”), e tamén de conformidade cos criterios establecidos para a xestión da biomasa vexetal (DOG do 7 de agosto de 2007).

Ademais, na zona de dominio público indicada “non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira desa lei”, como piñeiros, eucaliptos, mimosas, acacias, toxos, silvas...”

Por outra banda, a Lei de incendios tamén recolle as obrigas dos particulares neste suposto: “será obrigatorio para as persoas responsables (persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre terreos

forestais e terreos situados nas zonas de influencia forestal), xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como ao redor de edificacións vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industrias, localizadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios de xestión de biomasa estipulados na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento” (artigo 21). “Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especiais sinaladas na disposición adicional terceira desta lei”. A oportuna xestión da biomasa, segundo o anteriormente indiado, deberá executarse antes do 30 de xuño de cada ano (artigo 22).

Entendemos que a aplicación desta normativa, que supón un alto custo administrativo e económico para o concello, se fai necesaria para garantir a seguridade de todos os veciños e veciñas. Porén, pensamos que non podemos conformarnos con isto, e que a política do concello de Rianxo en canto ao seu monte e rural non se pode limitar a aplicar sancións e restricción, senón que ten que ir acompañada dunha política de incentivos, de pedagogía, dunha estratexia para dotarse das ferramentas necesarias para a xestión e ordenación do noso monte.

Neste sentido, pensamos que a creación dun Consello Forestal e de Desenvolvemento Rural no Concello de Rianxo, pode ser o paso previo nesa dirección. Pretendemos que o Concello se dote dunha ferramenta de participación veciñal, na que os veciños e veciñas poidan participar na planificación, control e seguimento das políticas locais, coa que o Concello manteña un diálogo aberto e transparente coa cidadanía co obxectivo último de paliar moitas desas situacións que conducen a ter un monte cada vez máis abandonado.

Para revertir esta situación é importante poñer en valor as potencialidades que del se derivan. Debemos tender a unha xestión forestal que garantice a multifuncionalidade e diversificación do monte dun xeito respetuoso co medioambiente e que procure a rendibilidade económica e social. Neste mesmo sentido é imprescindible fomentar figuras de xestión conxunta do territorio que posibiliten unha mellor ordenación e xestión do monte.

Sendo consciente das competencias da administración local en materia forestal, e da titularidade dos montes rianxeiros, consideramos fundamental o papel da administración local nas labores de información, asesoramento e divulgación, para contribuír de maneira eficiente á posta en valor do noso monte tanto dendo o punto de vista económico como ambiental.

A administración local debe dotar, tanto a propietarios e particulares como a CMVMC, dunha ferramenta que os axude no desenvolvemento da súa actividade e que impulse a implantación de novos aproveitamentos e modelos de xestión por parte dos mesmos.

Por todo o anterior, propoñémoslle á corporación a adopción dos seguinte **ACORDOS**:

1. Instar aos grupos políticos presentes no Parlamento de Galicia a que promovan unha comisión de investigación sobre os incendios que tiveron lugar neste mes de outubro, e sobre a actuación da Xunta de Galicia ao respecto.
2. Instar ao alcalde a que faga cumprir a normativa vixente coa finalidade de protexer os núcleos urbanos do Concello de Rianxo en caso de incendio nos montes próximos.
3. A creación dun consello Forestal e de Desenvolvemento Rural onde estean representadas todas as Comunidades de Montes do Concello, entidades veciñas relacionadas co sector, así como unha representación de todas as forzas políticas da corporación.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

## 7. MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN A EDIFICIOS ABANDONADOS

### •O VOCEIRO DO RIANXO EN COMÚN DEFENDE A URXENCIA DA MOCIÓN:

Di que xa se teñen referido a esta situación dos edificios noutras ocasións. Os edificios abandonados por distintos motivos poden supoñer un perigo ademais de problemas estéticos sobre todo no ámbito urbano.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Grupo Municipal de Rianxo en Común por medio do seu portavoz Antón Castro, ao amparo da lexislación vixente, somete á consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCIÓN de proposta de actuación en relación a edificios abandonados.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En varias ocasións nos temos referido a como o avellentamento da poboación, o abandono do rural, ou os cambios sociais, económicos e culturais que estamos vivindo provocan situacións de desleixo de bens que anteriormente tiñan unha gran consideración.

Nesta ocasión queremos referirnos á situación das vivendas. Polos motivos que antes citábam, ou outros que sería longo de enumerar, temos no concello un alto número de vivendas degradadas.

Aínda que o idóneo sería traer propostas para darlles unha segunda vida, o noso obxectivo hoxe é moito máis modesto e vai referido á súa potencial incidencia sobre a seguridade dos veciños e, en segunda instancia, sobre o efecto estético que puideran ter.

É sabido que o desprendemento de elementos dunha edificación despois de longos anos de abandono pode ser un potencial perigo para os veciños simplemente por efecto dos elementos naturais, ós que en ocasións se suma o vandalismo.

Ademáis da vertente da seguridade, os edificios en ruínas danan a estética das vilas principalmente, desde o noso punto de vista, nas zonas urbanas e nos cascos históricos, que ademais son as zonas máis poboadas e visitadas.

Aínda que a actuación neste tipo de situacións pode facerse de oficio ou a instancia de parte, o que pretende a nosa proposta é que se faga de oficio, porque entendemos que a segunda das opcións, en moitas ocasións, ou ben non se inicia ou tarda máis do recomendable por intentar manter unha situación de boa veciñanza.

Por todo o anterior propoñémoslle á corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Inventariar, no prazo de seis meses, todas as construción que se encontran en ruína no noso concello.
2. Instar ós titulares a que acometan as obras necesarias para evitar as situacións de perigo para os veciños.
3. Nas zonas urbanas, e nos casos que se xulguen de especial impacto, instar ós veciños a que acometan as actuacións de ornato legalmente esixibles.

4. Nos casos de desatención seguir o procedemento regulado no Capítulo I do Título VI da Lei do Solo de Galicia.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

•**DEBATE:**

•**O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:**

Di que para evitar o perigo que supoñen os edificios abandonados e o efectos estético sobre todo na zona urbana, se adopten as seguintes medidas:

1. Inventariar, no prazo de seis meses, todas as construción que se encontran en ruína no noso concello.
2. Instar ós titulares a que acometan as obras necesarias para evitar as situacións de perigo para os veciños.
3. Nas zonas urbanas, e nos casos que se xulguen de especial impacto, instar ós veciños a que acometan as actuacións de ornato legalmente esixibles.
4. Nos casos de desatención seguir o procedemento regulado no Capítulo I do Título VI da Lei do Solo de Galicia.

•**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:**

Di que o seu grupo está de acordo ca moción

Signala que sempre que supoña un perigo para os viandantes, débense adoptar todas as medidas legais e esixirlle que arranxe. En canto ao tema estético, póñense no lugar do propietario, e quizás nese momento non teñan medios para acometer estas obras, polo que o seu grupo vaise abster, xa que se non hai perigo, estáselle obrigando ao propietario incluso a vender ou malvender ao non poder acometer as obras.

•**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:**

Di que ao seu grupo parécelle unha moción interesante, pero pouco desenvolvida. Están na liña indicada polo PSOE de que pode haber casos en que o propietario non poida asumir as obras no caso dos efectos estéticos. Indica que incluso poden estar abandonados por temas de herdanza.

Anuncia a abstención do seu grupo.

•**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:**

Di que o seu grupo vai apoiar a moción.

Signala que a Xunta de Galicia do goberno do PP obriga a cumprir a Lei do Solo, polo tanto obriga a esa xente, xa que a estética e o perigo é de obrigado cumprimento. Este concello xa está actuando en relación cos edificios abandonados, tendo incluso un censo no ARI, facendo tamén requirimento no tema do ornato. Na rúa Rinlo, xa houbo actuacións nese sentido a máis dunha vivenda, e xa foron acometidas, posto que nalgúns casos incluso prexudica aos veciños colindantes.

Indica que xa faloron na xunta de portavoces de entrar na APLU, xa que é un tema que poida levar esta axencia, e poder profundizar un pouco máis neste tema.

**•INTERVÉN O ALCALDE:**

Di que convén matizar un pouco, xa que cando se están referindo ao ornato e hixiene, hai unha ordenanza de ornato e hixiene que é quen impulsa que se poidan realizar determinados requirimentos, non se refire so á vista, senón que implica que nos casos de vivendas en ruína que prexudiquen aos veciños colindantes requirilos, para que corrixa esa situación. A Ordenanza de ornato e hixiene vai dirixida a todos esas vivendas ruinosas e solares que teñen as medianías en mal estado ou solares abandonados e crean problemas ao veciño colindante. A única forma de solucionar estas situacións é aplicando a ordenanza de ornato e hixiene sobre todo para o mantemento das súas propiedades.

Sinala que no caso do requirimento que se lle fai a unha persoa que non poida afrontar o gastos, sería moito peor que por causa de non facelo, caía enriba dun viandante ou dun vehículo. Por iso dalgunha maneira hai que actuar.

Engade que tamén no que no caso de non ser posible que o propietario acometa a obra requirida, o concello previos os trámites oportunos, actuará de forma subsidiaria, Por iso cando se refire ao ornato, é por temas de seguridade e hixiene non tanto polo estético. Hai unha ordenanza municipal de fai anos nese senso.

Di que todos están de acordo ca Lei, e unha vez concedida a licenza as obras teñen que rematarse, non poden quedar a medias, xa que iso é un dos problemas actuais, polo que debe evitarse, polo que hai que apoiarse na Lei do Solo.

De acordo co voceiro do grupos de Rianxo en Común e a voceira do PSOE, propón que o punto 3º do acordo da moción quede da seguinte forma:

3º Nas zonas urbanas, e nos casos que se xulguen de especial impacto, instar ós veciños a que acometan as actuacións de ornato e hixiene legalmente esixibles.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 de Rianxo en Común), cero votos en contra e 3 abstencións (dos membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos seguintes termos:

1. Inventariar, no prazo de seis meses, todas as construción que se encontran en ruína no noso concello.
2. Instar ós titulares a que acometan as obras necesarias para evitar as situacións de perigo para os veciños.
3. Nas zonas urbanas, e nos casos que se xulguen de especial impacto, instar ós veciños a que acometan as actuacións de ornato e hixiene legalmente esixibles.
4. Nos casos de desatención seguir o procedemento regulado no Capítulo I do Título VI da Lei do Solo de Galicia.

**8. MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN SOBRE REXEITAMENTO DA LEI DE FOMENTO DE IMPLANTACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS**

**•O VOCEIRO DO RIANXO EN COMÚN DEFENDE A URXENCIA DA MOCIÓN:**

Di que cando se elaborou era para opoñerse a un proxecto, pero que agora xa é unha Lei, o que xustifica a urxencia.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Grupo Municipal de Rianxo en Común por medio do seu portavoz Antón Castro, ao amparo da lexislación vixente, somete á consideración do Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCIÓN de proposta de rexeitamento da Lei de Fomento de Implantación de Iniciativas Empresariais

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

1.- A Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais, que aprobou o Partido Popular pola vía de urxencia no Parlamento galego, lonxe de ser unha disposición xeral para a planificación e dinamización económica do tecido empresarial e produtivo, reduce garantías nos trámites ambientais, rebaixa o réxime de protección do patrimonio, míngua a participación da cidadanía e dos concellos nos trámites ambientais e de autorización previa de proxectos e, en resumo, constitúe unha norma flexibilizadora, liberalizadora e desreguladora das políticas mineras, enerxéticas e forestais en Galicia en favor dos intereses privados das grandes operadoras do mercado en ditos sectores.

2.- Malia falar de participación social, para acadar a súa aprobación o Partido Popular utilizou un procedemento parlamentario de urxencia para excluir o trámite de consulta previa e participación pública e para limitar o propio debate parlamentario da mesma. O texto presentouse como proposición, e non como proxecto de lei, eludindo dese xeito ditas consultas públicas e informes previos. Ademais, utiliza a vía de urxencia, para reducir á metade os prazos de debate parlamentario e de presentación de emendas.

Mesmamente, as variadas emendas do Grupo parlamentario do PP á súa propia proposición de lei, ao mesmo tempo que subsanan erros maiúsculos do texto orixinal, incrementan a liberalización e desregulación dos sectores economicos.

3.- Baixo a fraudulenta motivación de fomentar a dinamización e a competitividade da economía galega e o fomento de iniciativas empresariais, o que se introducen atrás son cambios transcendentais na normativa xeral dos sectores mineiro, eólico e forestal, nunha disposición normativa que se converte dese xeito nun “totum revolutum” que evidencia a falla de planificación, mesmo normativa, do goberno galego en ditos sectores. Sectores todos eles de grande impacto ambiental, paisaxístico e na ordenación do territorio, e nos que estamos lonxe de acadar un modelo de desenvolvemento sustentable baseado en criterios económicos, sociais e ambientais. Moito mais cando, como é o caso, os niveis de protección e de ordenación ambiental do noso territorio están ben alonxados do que o País precisaría (como é o caso da Rede Natura e outras figuras de protexcción ambiental).

A expansión dun modelo forestal baseado na liberalización e amparo dos monocultivos madereiros e de biomasa que incrementa o risco de incendio, a proliferación de proxectos devastadores de minería así como de instalacións de xeración e distribución eléctrica vinculadas a expropiacións exprés son consecuencias esperables da lei que se pretende impulsar.

Do mesmo xeito, e mentres se liberalizan trámites para o aproveitamento eléctrico (integración das fases de proxectos sectorial e autorizacións administrativa previa e de construción), non so se renuncia e se apraza sine día a revisión do Plan Sectorial eólico de Galiza senón que as áreas de reserva e as áreas de conservación, así como as súas franxas paralelas, pasan a ser consideradas áreas de desenvolvemento eólico. A ampliación do ámbito territorial do plan sectorial pola porta de



atrás.

4. A Lei representa un agravio comparativo e un tratamento desigual, favorecedor das grandes empresas e operadores nos mercados, en detrimento da pequena e mediana empresa e do propio tecido de economía social. Mentres que o obxectivo é abrir o camiño dos grandes beneficios ás empresas do oligopolio eléctrico, as corporacións mineiras e ao lobby forestal, as iniciativas locais, de pequenas e medianas empresas, así como as diversas formas de economía social (nomeadamente as cooperativas) radicadas no territorio, creadores de máis emprego e con maior e mais diversificado impacto social, atopan a diario todo tipo de atrancos administrativos, limitación ou insuficiencia de axudas, e serán damnificadas pola declaración de utilidade pública dos grandes proxectos e a propia liberalización e flexibilización de trámites de todo tipo que levan asociadas.

5.- Facilita os procesos de expropiación forzosa e reduce a autonomía municipal ao facer máis senxela consideración de determinados proxectos industriais como estratéxicos, con menor control urbanístico, declaración de utilidade pública, e de incidencia supramunicipal. O artigo 16 da norma reduce de 50 a 20 millóns de euros o volume de investimento mínimo necesario para que un proxecto sexa declarado estratéxico, e de 250 a 100 os postos de traballo directos creados, ou que simplemente precisen dunha especial necesidade de solo, non dispoñible coa oferta existente. Reduce tamén os prazos de consulta aos concellos, dificultando aínda máis o traballo de técnicos municipais que sofren as consecuencias dunha plantilla forzosamente mermada polas disposicións do goberno do Estado.

Ameaza o patrimonio cultural dos nosos montes; fai prevalecer o aproveitamento industrial fronte aos tradicionais e comunitarios; permite a corta xeneralizada onde antes precisaba permiso; e suprime a necesaria autorización de Medio Ambiente para os aproveitamentos madeiros en zonas protexidas e reducindo de facto os niveis de garantías de protección ambiental das zonas e espazos protexidos, inclusive os da Rede Natura.

E a previsión dunha única nova planta de compostaxe (fracción orgánica de residuos urbanos) pon de manifesto a renuncia fáctica ás propias previsións ao respecto no vixente e actualizado Plan de Residuos de Galicia.

6.- O novo réxime relativo á xestión, mantemento e conservación das áreas empresariais, supón, en primeiro lugar, un baleirado de competencias municipais na materia, ao limitar e condicionar as potestades do planeamento respecto das entidades urbanísticas de conservación e, en segundo lugar, e como efecto derivado, a traslación á facenda municipal de custos de mantemento de ditas áreas.

7.- Do mesmo xeito, e contrariamente ao nivel de detalle do resto da proposición de lei, a previsión de mecanismo de mellora do financiamento daqueles concellos que incorporen medidas de apoio á implantación de iniciativas empresariais, queda nun simple enunciado e na maior das indefinicións, sen máis concreción que a súa remisión ás leis de orzamentos.

8.- En resumo, a lei aposta por un modelo extractivo de escaso valor engadido e despreza un modelo económico social e natural sustentable. O espolio dos nosos bens naturais común é o espolio do noso futuro. O sacrificio de garantías ambientais e dereitos sociais é unha hipoteca para as vindeiras xeracións.

Apostamos por un modelo económico sustentable, democrático e que protexa o noso medio ambiente e patrimonio para o futuro. Apostamos por actividades que xeren máis valor engadido, máis emprego e de máis calidade.

Non queremos máis beneficios para uns poucos a costa de que os demais soportemos as súas consecuencias ambientais e económicas, e opoñémonos a que se nos negue a participación na toma de decisións que nos afectan como cidadanía. E como administración local opoñémonos ao desapoderamento, limitación ou degradación das nosas competencias na ordenación das áreas

empresariais e nos trámites de autorización ou avaliación ambientais.

Por todo o anterior propoñémoslle á corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Trasmitir ó Parlamento Galego o nóso rexeitamento da Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais, por ser contraria aos principios de sostibilidade e protección do medio ambiente, da paisaxe e do patrimonio cultural, por alentar un modelo social desigual e inxusto, e por limitar o dereito das administracións locais e da cidadanía para participar na toma de decisións sobre proxectos empresariais de especial transcendencia económica e social.
2. Instar á Xunta de Galicia a planificar, programar e executar alternativas políticas e económicas sustentables que garantan a preservación dos bens naturais, paisaxísticos e patrimoniais de Galiza, xeren rendas ecolóxicas e sociais, e que impulsen iniciativas económicas locais creadoras de emprego de calidade.
3. Dar traslado do presente acordo ao Parlamento de Galicia, Grupos Parlamentares, así como á Xunta de Galicia.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

•**DEBATE:**

•**O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:**

Di que fai un semana aprobouse no Parlamento unha Lei de Fomento de Implantación de Iniciativas Empresariais, que para este grupo é innecesaria porque ven a ser unha Lei de Fomento fundamentalmente de carácter mineiro, eólico e de carácter forestal, e hoxe neste Pleno falouse de case todos estes temas. Poderíamos falar tamén dos eólicos, que sendo unha enerxía que en outras ocasións xa este grupo se pronunciou, sacada dos seus cauces, tamén pode ser un problema.

Sinala que esta Lei de Fomento vai dirixida ás grandes corporacións para operar no tecido económico, pero no nosos tecido económico son insignificantes. A súa implantación favorece ás empresas grandes e rapiñeiras que veñen aquí a extraer a súa riqueza e marchan sen cumprir as súas garantías. A Lei non favorece nada ás microempresas, autónomos, pymes, etc.

Indica que se debe mirar como está a minería, as explotacións de pizarra, nas condicións en que están os ríos, en que condicións están algunha desas empresas abandonadas porque deixaron de ser rendibles, etc. Galicia ten unha paisaxe que non a hai en Europa e non necesita expansión, senón ser regulada.

Engade que a referida Lei, quita trabas administrativas, pasa por riba de informes, está sendo subvencionada e está nun 90% en mans de xente de fora de Galicia e nun 70% de xente de fora do estado español.

O seu grupo quere transmitir ao Parlamento Galego o rexeitamento da Lei de Fomento de Implantación de Iniciativas Empresariais e os acordos incluídos na moción.

•**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:**

Di que o seu grupo vai apoiar a moción, as leis deben ser aprobadas por consenso.

•**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:**

Di que a Lei de Implantación Empresarial, ten como obxectivo a chegada de novas empresas e á incorporación de novos sectores que contribúan ao fortalecemento e a mellora do tecido empresarial

afincado na Comunidade Galega. A Xunta aposta por un texto aberto e participativo por iso agora se están recollendo as propostas e melloras dos diferentes sectores económicos e sociais para contar ca mellor norma posible.

O que se buscou co texto é simplificar os trámites administrativos, facilitar o acceso ao solo industrial e ofrecer máis incentivos fiscais ás empresas. Haberá incentivos ás empresas para asumir tributos autonómicos pero sempre baixo os criterios de investimento e creación de emprego e incentivos aos Concellos a través da súa adhesión o convenio proposta pola Xunta da FREGAMP ao adherirse os concellos.

Indica que a actividade económica e o emprego sempre será unha preocupación fundamental do Partido Popular de Galicia, por iso Galicia debe poñer os medios legais e normativos que permitan atraer as instalacións de novas empresas en Galicia e blindar a competitividade na Comunidade fronte a outros territorios próximos.

Di que Galicia vive un momento de crecemento económico e estase comportando de xeito exemplar a nivel nacional cuns datos como o crecemento do PIB, a creación de postos de traballo, batendo marcas nas exportacións e manténdose cuns niveis de endebedamento e déficit por debaixo da media nacional. Atopámonos nunha situación na que a competencia existente dentro de España e a Unión Europea e países como Marrocos, está complicando a chegada ou expansión da empresa á comunidade galega, polo que o goberno galego e o grupo parlamentario popular, tomou a decisión de proceder á tramitación desta proposición de Lei con medidas que impulsa ó sector industrial galego.

Sinala que Galicia non debe competir con territorios do noso entorno pola vía de baixar salarios ou reducir dereitos laborais. Débense utilizar os instrumentos que contempla o noso autogoberno para mellorar cuestións como as restricións normativas, o tempo para inicio dunha actividade ou o número de procedementos para poñer en marcha unha empresa.

Engade que se debe consolidar a recuperación da economía, a creación de emprego de calidade e a reindustrialización do noso país, e esta proposición de Lei, permitiranos seguir avanzando nestes obxectivos.

Di que con respecto ao aproveitamento eólico, forestal e de cooperativas, esta norma facilitará a tramitación do eido forestal, creárase unha xanela única coordinada pola Conselleira do Medio Rural para tramitar as autorizacións; ademais con carácter xeral eliminarase a autorización actual para ser substituída por unha comunicación previa o que reducirá o prazo de tramitación, xa que para montar calquera tipo de empresa hai unha burocracia que non é normal. Tamén flexibiliza o requisitos para a creación de cooperativas en Galicia.

Por último sinala que por outro lado a Xunta segue a impulsar as enerxías renovables da man do sector, como se demostra cas melloras introducidas na futura Lei de Implantación, para que Galicia conte cunha regularización máis áxil, dándolle máis oportunidades á eólica galega con esta Lei, aumentando o número de watos a 6.000.

#### •A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

Di que o seu grupo municipal si vai apoiar a moción, xa que despois da intervención da voceira do Partido Popular, hai que ter medo á cantidade de instalación de empresas que nos poden vir encima, xa que nos compara con Marrocos, temos os mellores soldos, as pensións máis altas de todo o territorio español, rapiñan todo o que queren. Temos un emprego de calidade, que xa no seu día foi vendido polo Sr. Fraga como os máis traballadores, a prezos máis baratos.

O seu grupo non está de acordo ca voceira do grupo municipal do PP, porque o que se vive no día a

día é totalmente distinto. Esta moción explica ben o tamén o fixo o voceiro de Rianxo en Común. O que fai esta Lei é abri-lle as portas a calquera empresa e que non se podan formular alegacións á súa instalación.

Di que os nosos mariñeiros non van poder traballar, teremos xaulas no mar, etc., empresas que veñen a rapiñar o que temos i ese non é o emprego que queremos nin o que este país necesita.

O alcalde pregunta se algún voceiro quere facer algunha matización

•**O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:**

Di que o seu grupo está a favor do emprendemento empresarial. Hay trámites administrativos moi longos para os autónomos, as PYMES, e tamén para e estas grandes empresas, pero menos, co cal aos empresarios pequenos non se lle resolven, pero as grandes empresas si. Refírese ás empresas que o emprego é menos do 10% e que supón mal emprego, a costa de causarnos os custes colaterais. So hai que ir ás canteiras de Valdeorras ou Caoural e ver como se foron sen facer nada.

Indica que crean pouco emprego e non necesitan incentivos fiscais. Teñen os cartos por castigo e son propiedades dos fondos buitre a maioría delas e veñen á rapiña.

Di que non teñen posibilidade de fuga, o vento é noso e os montes están aí non os poden levar. A mina de Touro ou se pon alí ou non a poñen, non se pode levar para Portugal, nin Marrocos nin ningún sitio. Neste modelo económico que ven transmitido dende Berlín, vía Madrid a Santiago, di que o noso é o turismo. Somos os camareiros de Europa os que vendemos materias primas sen elaborar.

Indica que se queremos dedicarnos ao turismo e telo de calidade, non podemos deteriorar o medio ambiente.

Engade que se poden ir as empresas de automoción, pero as eólicas non, porque o vento é noso.

•**O ALCALDE INTERVÉN:**

Di que en relación ao manifestado pola voceira do PP da estratexia que a acaban de lanzar de facendo negocio, de que se está intentando potenciar un acordo coa FEGAMP, do que teremos oportunidade de analizar, para ver si Rianxo se incorpora a eses incentivos que promove a Xunta.

Sinala que moitos deles son a renuncia por parte do Concello de impostos que nos afectan: a redución do ICIO, Bens Inmóbeis e dalgún outro. Dentro desa estratexia, preguntánnos polo precio das parcelas. Non nos preguntas como se bonifica. Hai un compoñente do prezo das parcelas dos polígonos industriais, en especial os da empresa SEA, do 15% Xunta, 85% Ministerio, que hai que modificar para que sexan máis baratas, que se poidan dividir, flexibilizar, que é do que preguntan os empresarios, non as medidas que contempla esa estratexia. Tamén é un incentivo a rebaixa sustancial das parcelas do polígono industrial.

Indica que Portugal, regala chan para instalarse e iso contrasta co prezo público do chan en Galicia. Valorárase o tema dos impostos municipais para rebaixarllos e favorecer esa chegada e acollermos a ese programa de incentivos da Xunta, de rebaixa de impostos municipais, pero que non se ataca ao alto prezo das parcelas do parque empresarial, polo que esixiremos do Ministerio que faga unha política de incentivos e que baixe o prezo do chan.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 do grupo Rianxo en Común), tres votos en contra (dos 3 membros do grupo PP) e cero abstencións, dos 15 membros

presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## 9. ROGOS E PREGUNTAS

### •ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

#### Rogos

- Hai algunha críticas en relación co dispositivo realizado durante as festas, especialmente no último día, polo que pregamos que antes de levar a cabo o do vindeiro ano, se escoite ás xentes implicadas.
- Despois dos incendios dos días 14 e 15 apareceu na prensa unha entrevista co Xefe da Policía Local e falaba de poñer en marcha un Plan de actuación que empezaría por Burés, e gustaríanos que nos fixese partícipes dese Plan.
- En relación co tráfico de saída e entrada na piscina a determinadas horas que segue conlevando determinados perigos, debería buscarse algunha solución.
- As beirarrúas que van en dirección á Outeiro, dende o cruce de Muiños, teñen maleza e algunhas lousas levantadas, polo que hai queixa dalgunha xente.
- Os contedores de lixo do Araño, necesitan unha limpeza.

#### Preguntas

- Os veciños din que a limpeza do entorno urbano é deficitaria, ¿Pensa tomar algunha medida?
- No patio do Colexio Castelao volve a amontanarse escombros. É unha situación recorrente e é unha espacia que non é apto para iso. ¿Cando vai rematar esa situación?
- As beirarrúas e cunetas nalgúns lugares necesitan limpeza. ¿Cando se vai facer a segunda limpeza?
- Hai queixas de beirarrúas esbaradizas na zona da Martela. ¿Teñen constancia? ¿A que se debe?
- As lousas levantadas nas beirarrúas en moitos lugares, e moi xeneralizado. Igual conviría ver outro modelo de beirarrúas que podería ser de armonización, xa que hai uns 27 tipos de plaquetas distintos nestas beirarrúas. De ser certo ¿podería reconsiderarse?.

### •ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

#### Rogos

- Que se faga algunha rehabilitación nos muiños que foron arranxados hai algúns anos, para que non se volvan a arruinar.
- Que se poña sinalización nas lugares e rúas do concello que carezan dela, para facilitar a labor

dos repartidores e dos visitantes para saber en que zona se encontran.

- Na estrada entre Abuín e Rañó camiñan moitas persoas para acudir ás misas, cementerios, etc. habería con acondicionar unha beirarrúas para seguridade dos peatóns, ver incluso outras zonas do Concello co mesmo perigo.
- O espello de O Pazo que está ao lado do supermercado DIA non está operativo. Ver o que se poda facer para prestar ben o servizo.

## Preguntas

- ¿Séguese comprobando a desratización das rúas? Chegaron queixa de ratas na rúa Portiño, Fonte, Cabo da Vila, Río de Cima. Se se segue facendo haberá que mirar que sexa efectivo.
- ¿Como está o tema das papeleiras solicitada para a zona dos estaleiros?
- Recordar que en varias zonas da vila hai adoquíns e reixas levantadas que supoñen un perigo para os viandantes, en concreto un que hai na Rúa da Fonte.
- ¿É certo que mandou retirar do Facebook da Policía Local un anuncio dunha concentración para apoio das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que están en Cataluña? De ser certo ¿cal foi o motivo?.
- ¿Con que asiduidade se libran as papeleiras das zonas recreativas dos distintos lugares do concello? O domingo na zona de A Laxe en Taragoña había moito lixo tirado.
- ¿Cando se van limpar os regos e tajeas para que cando veñan as choivas non se inunden as zonas?
- Na zona da fonte de Sestelo hai que arranxar un tubo nun rego, antes de que veña moita auga.
- Na mesma zona de Sestelo hai unha propiedade dun señor que morreu sen herdeiros que está chea de maleza ¿poderíase utilizar como aparcamento para a xente que vai a Igrexa?.
- No Montegrande a saída da pista que vai a avícola a finca que está a esquerda impide a visibilidade cando ten a herba alta. Ou ben os propietarios teñen limpo ou haberá que poñer un espello para ter boa visibilidade.

## •ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL PP:

### Rogos

- Comunícanme os da Plataforma do Centro de Día, que vostede lle dixo que o Concello lle ia dar unha aportación económica. Solicitan un certificado da cantidade que se vai conceder, xa que lle fai falta.
- As Barreiras en Taragoña están cheas de baches e pode ser un perigo. Ver de poder arranxar.
- No bar do Adro en Taragoña os eucaliptos que están na estrada teñen unhas ponlas secas, rogan se tomen medidas.
- Cando saian as axudas para adquisición de motobomba, rógalle que soliciten as mesmas xa que é necesario para Rianxo.
- En relación co tema da policía local, solicitar que non tome represalías contra a xente que non

pensa igual que vostede.

## Preguntas

- A Policía Local de Rianxo, é un órgano independente ¿Por qué interferiu a alcaldía no que poden publicar ou non no Facebook? ¿Por qué lle mandou quitar unha comunicación que anunciaba unha manifestación a favor dos Corpos e Seguridade do Estado? ¿Parécelle democrático?
- A baixa dun auxiliar administrativo ten paralizada un área administrativa do Concello ¿contratouse xa a alguén? ¿como está o tema da bolsa? ¿xa está o asunto solucionado?
- ¿Canto tempo ten o concello para contestar a un escrito que se presenta por rexistro?
- No mes de decembro solicitouse unha subvención para levar a cabo o Plan de Igualdade e pola mala xestión houbo que devolvela. ¿Váise volver a levar a cabo o Plan ou xa se descartou?

## O ALCALDE, TOMA A PALABRA

- Con respecto ao Plan de Igualdade, a mala xestión foi a da empresa, xa que fixo un plan que non se axustaba aquí e non se pagan cousas mal feitas. Non se perdeu a subvención, ganouse ao non gastar fondos públicos par apagar unha chapuza dunha empresa. Hai que facer plan realistas e axustados a cada caso, non xenéricos que valan para moitos concellos. A empresa igual nos levará ao Xulgado pero non se van gastar cartos públicos nunha chapuza. Volverase a solicitar porque cremos que é necesario un Plan de Igualdade, pero ben feito.
- A auxiliar administrativa xa está incorporada, pero aínda así hai que reforzar o servizo. Xa están cos últimos trámites e espero que en 15 ou 20 días se incorpore unha persoas para axudar no servizo de intervención e igual a primeiros de ano se pode contratar a outra para mellorar os prazos.
- No tema da policía local, apliquei o mesmo que aplica o Goberno nas súas comunicacións. Vostedes non verán nunca na páxina Web do concello ningún chamamento para participar nunha manifestación, encontro, etc. de parte do BNG o dalgún colectivo da súa ideoloxía. Non se fixo un chamamento nas páxinas do concello en saír en defensa da legalidade Catalana. Hai convocada unha manifestación para mañá en contra do art. 155 e non vai aparecer na páxina Web do concello esa información. Polo tanto así como non deixo que apareza na páxina Web do concello ningún anuncio institucional que veña desde esta Institución que xoga coa xente que dí “me gusta” ao Facebook en prol de cousas que entendo que son de partido, ideolóxicas, etc, que aínda que a mín me gusten, non as publicito na Web do concello, tampouco me gusta que na mesma Web se comparta unha manifestación partidaria, que non só ia na defensa da Garda Civil e dos Corpos de Seguridade. Tampouco publicitei unha para solidarizarse ca xente que foi mallada eses días pola Policía ou Garda Civil. Na Web non deben ir cousas que teñan carga ideolóxica e esa levábaa, porque se despregaba a bandeira de España e gritos contra o goberno da Generalitate. É un acto político e actuouse da mesma maneira que nos autoesiximos nos. Aparecen actos sociais, culturais, e a policía avisa de campañas de tráfico, seguridade, e aí dan un me gusta para todos. Actúase en reciprocidade, a policía local non debe meterse

en cousas políticas de ningún partido. As cousas que teñen que ver coas ideoloxías hai que consultalas antes da súa publicación. Este goberno nunca publicitou ningún acto con carácter político. A maneira de actuar foi correcta.

- Non se tomou ningunha represalia, de feito están todos traballando, incluso a mesma persoa que o aduce, segue traballando. Había un reparo de Intervención-Secretaría por continuar fora de tempo un auxiliar que estaba contratado pola tempada do verán. Sen embargo a pesar de que se acuse a alcaldía de coarctivo, que reprime, levantou o reparo que existía e continúa traballando.
- No tema da desratización continúa traballando e veñen cada mes. Houbo unha xuntanza recentemente porque recibimos esas mesmas queixas e xa tomaron nota dos lugares que había para solucionalo. É un tema complexo e difícil de atallar. Fanse resistentes aos venenos.
- Toma nota dos temas dos adoquíns e beirarrúas. Presentouse no seu día un proxecto pola escola taller, que actuaba en toda a recta de Taragoña, para renovar boa parte da estrada da Xunta. As de Abuín-Rañó, son parte da Deputación, xa está requirida a Deputación para que dote de beirarrúas algúns tramos, entre os que están o de Brión-Rañó e tamén o tramo ata Palleiro. Tamén se falou ca Conselleira de Cultura para o tramo entre Burés e Bar Lino e outro tramo na Casilla. Están encima das Administracións para que fagan os tramos que lles corresponden e o Concello intenta facer o mantemento o mellor posibles das súas beirarrúas.
- Con respecto ao patio do Colexio Castela, o propio colexio tamén ten o seu goberno e deberían as veces autotomarse as súas propias medidas. Teñen persoal do concello e debería ser o que adoptara as medidas, ou ben poñerse en contacto co concello para que solucionara o tema.
- No tema do tráfico de entrada e saída da piscina municipal, igual a medida ten que ser radicar. Ou se pon un semáforo o restrinxir as prazas de aparcamento a minusválidos, se persiste o perigo. Prohibiuse aparcarse na entrada para facilitar a saída pero non hai máis solucións, xa que non hai posibilidade de anchar a vía.
- En relación á nota de prensa da Policía Local, falaba de Burés non é nada máis que facer cumprir a Lei de Incendios cas distancias. É para todo o concello, de buscar unha maneira para facer cumprir a Lei. A Lei de acompañamento da Xunta neste momento endurece máis as distancias. A Lei trae unhas melloras para traer ferramentas para poder limpar. O Xefe da Policía falaba desa franxa, de buscar un método o máis axil posible de comunicación co propietario da parcela, de establecer sancións senón responde e o máis axil posible para que o Concello poida intervir, cando o propietario non responda aos requirimentos directos da Policía. Trátase de buscar axilidade nos pagos, sancións e limpeza subsidiaria a cargo do Concello. Burés sería unha zona piloto, pero é para todo o Concello.

Quedan pendente de contestación para o próximo Pleno as restantes.

O Alcalde pregunta se alguén do público quere intervir.



Pregúntanlle ao grupo de Rianxo en Común se se preocupa algo polo Centro de Día.

O Alcalde contéstalles que nestas intervencións que responde é o Alcalde non os grupos políticos.

Di que non se comprometeu a darlle ningunha axuda económica directa á Plataforma do Centro de Día.

Intervén a Portavoz da Plataforma do Centro de Día, indicando que levan 108 días pechados no Concello e sen solucións. Houbo un fallo de comunicación. Aquí a voceira son eu e non o partido popular. A concelleira Vanesa falou con unha compoñente desta plataforma dunha posible negociación que iría ao Pleno. A única pregunta que nos facemos é ¿que cousas concretas está facendo a corporación para acelerar o proceso de conseguir un centro de día? ¿cal é a ubicación?.

Hai situacións de emerxencia que indican que ten que vir o Centro de Día para aquí. O importante é a ubicación do referido centro.

Tivemos varios partidos políticos que nos apoiaron, agás o PP do que solo recibimos malas maneiras.

As nosas familias necesitan ese centro de día para poder compaxinar o traballo co coidado dos nosos maiores.

Levamos pedindo o proxecto do centro de día ca súa ubicación.

Hai moita xente de Rianxo noutros concellos que teñen que vir para Rianxo.

Desgasta ver que non hai apoios.

Non é suficiente a atención dunha hora que presta o concello para atender aos nosos maiores. Están morrendo de forma acelerada por falta de coidados.

Non queremos que se utilice ao centro de día para facer política.

O único que piden é unha solución xa que levan 108 días pechados, polo que piden por favor que se xunten os partidos e busquen unha solución para traer o centro de día para Rianxo.

Din que non queren que conste en acta a pregunta feita polo PP, xa que foi un fallo de comunicación, non unha petición.

Indican que hoxe dixéronlle da Xunta que aprobaban o Centro de Día se levan un documento asinado polo alcalde da cantidade de cartos que van poñer e o número de xente que vai entrar.

O alcalde intervén dicindo que iso mesmo que lle din, que llo comuniquen por escrito ao concello para que a corporación poida facer o proxecto. Tamén hai que valorar que a Xunta fixo nos outros concellos os centros e agora pretende que Rianxo faga o seu cos seus propios cartos, cando os outros foron subvencionados por todos nos. Di que hai que ter en conta que si o Concello ten que abrir o centro de día cos fondos propios, supón un esforzo moi grande, cando aos concellos limítrofes se lles fixo cos cartos de todos. Indica que tal e como manifesta a señora intervinte se a Xunta pon os 2/3 do importe o concello porá o 1/3 restante, pero que o traian por escrito e asinado pola xunta e o concello buscará a maneira de financiar o 1/3 restante.

O Alcalde dálle as grazas aos asistentes pola súa amabilidade e respectabilidade que demostran.

Ás 22:10 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Rianxo, luns 13 de novembro de 2017

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez